
CENSO ELECTORAL

Recibiuse do Instituto Nacional de Estatística o CENSO ELECTORAL que se empregará nas próximas Eleccións Municipais e Europeas do ano 2019 que terán lugar o 26 de maio de 2019. **Este censo é o pechado a 30 de xaneiro de 2019.**

O Censo estará exposto ó público nas oficinas municipais dende o día **8 ata o 15 de abril** (horario de 7:45 H a 15:15 H) para que poida ser examinado polos interesados e presentar, no seu caso, as reclamacións correspondentes. É necesario presentar o carné de identidade, pasaporte ou permiso de conducir para realizar a consulta informática do mesmo. No caso de cidadáns da Unión Europea será válido como documento a tarxeta de residencia ou calquera dos documentos sinalados anteriormente que dispoña de fotografía. As reclamacións deberán estar asinadas polo propio interesado.

Ademais para calquera consulta poden chamar o teléfono de información do censo: **901-101-900**.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Brión, 27 de marzo de 2019
O ALCALDE

José Luís García García